



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de axente de desenvolvemento local (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

#### ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Axente de Desenvolvemento Local incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000030 – AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1859/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Axente de Desenvolvemento Local incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 663/2024, do 07/03/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de Axente de Desenvolvemento Local incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de funcionario de carreira no posto de **Axente de Desenvolvemento Local** (Grupo A, Subgrupo A1; Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Superiores) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

#### Admitidos/as:

| Nº | APELIDOS  | NOME        | DNI       | Motivos Exclusión | CELGA |
|----|-----------|-------------|-----------|-------------------|-------|
| 1  | LEMA PENA | PAULA MARIA | ***3333** |                   | SI    |

#### Excluídos/as:

Non hai excluídos.

**Segundo.-** Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

|                      |   |
|----------------------|---|
| <b>Presidente/a:</b> |   |
| Titular:             | D. Juan José Lorenzo Pose   |
|                      | Director do Centro de Formación do Concello de Carballo                           |
| Suplente:            | D <sup>a</sup> . Susana Mariño Lorenzo  |
|                      | TAX - Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.            |
| <b>Vogal 1:</b>      |   |
| Titular:             | D. Emilio Lestal Casal  |
|                      | Xefe do Departamento de Emprego do Concello de A Coruña                           |
| Suplente:            | D. Carlos Collazo Martínez  |
|                      | TAE - Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo. |
| <b>Vogal 2:</b>      |   |
| Titular:             | D <sup>a</sup> . Ana María Portela Torrón   |
|                      | Responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre.            |
| Suplente:            | D <sup>a</sup> . Sonia Machín Herranz   |
|                      | Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre.                            |
| <b>Vogal 3:</b>      |   |
| Titular:             | D <sup>a</sup> . María Luisa Martínez Pujalte                                     |
|                      | Técnica Superior de Promoción Económica do Concello de A Coruña.                  |
| Suplente:            | D <sup>a</sup> . María Álvarez Suárez   |
|                      | TAX - Xefa do Servizo de Xestión Económica e Contable do Concello de Carballo.    |
| <b>Secretario/a:</b> |   |
| Titular:             | D <sup>a</sup> . María Irache Enríquez Albaina                                    |
|                      | Interventora do Concello de Carballo.   |
| Suplente:            | D. Miguel Piñeiro Souto   |
|                      | Secretario Xeral do Concello de Carballo.   |

**Terceiro.-** Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e de baremación de méritos que terá lugar o venres 15 de marzo do 2024 ás 10.00 horas na Sala de Xuntas sita na planta 2<sup>a</sup> da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

**Quinto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

En Carballo, 7 de marzo de 2024

O alcalde,

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/1611